



Concello de Lugo

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refº: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

**MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA SECRETARIA EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día trinta de novembro de dous mil dezaseis, adoptou, o seguinte acordo:**

**20/801 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN EQUIPO PARA TAPAR FOCHAS (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING). DECLARACIÓN DE DESERTO DO ANTERIOR PROCEDEMENTO. APROBACIÓN DE PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. EXPTE. REF 49-2016.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 11 de novembro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

I.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 14/186 de 25 de marzo de 2015 polo que se aproba a contratación para a SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) -LOTE 1- UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5+2 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL -LOTE 2- E UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL- LOTE 3 - MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING).

II.- Anuncio de licitación no BOP de Lugo núm. 092 de data 24 de abril de 2015.

III.- Acta da Mesa de Contratación de data 29 de maio na que se procede á lectura do informe do xefe do parque móbil en relación coa documentación (sobre B) presentadas polas empresas licitadoras e no que por parte da Intervención Municipal se informa da normativa existente na actualidade (Resolución de 5 de febreiro de 2015 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira) no que se establecen unha serie de esixencias para as operacións de arrendamento financeiro polo que debe comprobarse se os requisitos establecidos nos pregos cumpren esta normativa.

IV.- Informe da Intervención núm ref. 288/2015 de data 8 de xullo de 2015 onde, tras a oportuna explicación sobre as consecuencias da Resolución de 5 de febreiro de 2015 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira en virtude do principio de prudencia financeira e trala consulta remitida á Secretaria de Coordinación de Emisores Públicos, conclúe que “non procedería a continuación do expediente nos termos e condicións vixentes por mor da súa consideración da operación financeira como operación prohibida ao abeiro da Resolución de 5 de maio de 2015, en base á imposibilidade de incluír no contrato “el ajuste de mercado del margen entre la

1



MURALLA  
patrimonio da humanidade

CSV: O2RmuoRnKkioOEzIXmjG3g==

SINATURAS


MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTA DE ALCALDE -  
ÁREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA  
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 1 / 36

DATAS(UTC)

05/12/2016 12:31:12

05/12/2016 12:31:13



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

referencia utilizada y la adecuada al período de liquidación de intereses” (Punto Quinto j)), e agás que se considerara que a modificación dos criterios de referencia do euribor establecidos no prego non supuxera alteracións das condicións esenciais (entendendo o funcionario que subscribe que non pode garantirse o mantemento das condicións de licitación respecto doutras eventuais ofertas)”.

V.- Acta da Mesa de Contratación de data 21 de agosto de 2015 no que trala lectura do Informe da Intervención 288/2015, na que os membros da Mesa decide “propoñer o desistimento do procedemento de contratación tendo en conta as razóns expostas no informe de intervención e, posteriormente, a vista das manifestacións do Xefe do Parque Móbil onde sinala que ditas subministracións seguen a ser necesarias e moi urxentes, abrir unha nova licitación conforme aos novos pregos que se redacten recollendo as actualizacións e modificacións oportunas sobre os anteriores de cara a súa adaptación ás novas normativas vixentes”.

VI.- Informe do xefe de Parque Móbil de 31 de agosto de 2015 que en relación coas posibles modificacións ou actualizacións do prego técnico, informa que si que é necesario modificar os pregos técnicos:

Lote 1. No apartado FRENOS, debe suprimirse “disporá de intarder ou retarder” e poñer “valorarase dispoña de freno eléctrico”.

Lote 2 e 3. No apartado MOTOR onde pon “ cilindrada indíquese mínimo 1.550 cc. Debe poñer “ mínimo 1.500 cc”.

VII.- Informe de Intervención núm. Ref. 371/2015 de data 4 de setembro de 2015 onde se establecen as determinación das condicións financeira aplicables a esta operación de leasing ao abeiro da Resolución de 31 de xullo de 2015 polo que se define o principio de prudencia financeira.

VIII.- Novo prego de cláusulas administrativas particulares e correspondente informe proposta que rexerá a contratación da subministración mediante lotes de tres vehículos a través dunha operación de leasing redactados - recollendo as modificacións indicadas polo Servizo de Intervención e polo Parque Móbil - en data 13 de outubro de 2015.

IX.- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/795 de data 25 de novembro de 2015, polo que se aproba a apertura dun novo procedemento de contratación para as subministracións mediante lotes dun equipo de bacheo (camión con cisterna de emulsión asfáltica e caixa basculante) -lote 1- un vehículo radio patrulla (5+2 prazas) para a policía local –lote 2- e un vehículo radio patrulla (5 prazas) para a policía local- lote 3 –mediante alugamento financeiro (operación de leasing), a proposta de modificación e aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto.

X.- Anuncio de licitación no BOP de Lugo num. 288 de 16 de decembro de 2015.

XI.- Acta da Mesa de Contratación de 4 de marzo de 2016 que textualmente dí: “Abre a sesión e procédese por parte do Sr. Presidente a informar aos presentes da situación en que se atopa o citado expediente explicando que as empresas **INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.A** (empresa subministradora do vehículo para o **LOTE 1**) e **BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.** (entidade financeira



licitadora para o alugamento financeiro de tódolos lotes) **tiñan débedas co Concello de Lugo á data de presentación de ofertas**, segundo informe da tesourería municipal de data do 15 de febreiro de 2016.

Ante esta circunstancia, o servizo de contratación concedeulles un trámite de audiencia ás ditas empresas co fin de que puideran alegar o que estimasen oportuno.

A empresa INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.A. presentou escrito de alegacións, non sendo aceptadas pola mesa de contratación polas razóns postas de manifesto no informe da tesourería municipal de data 2 de marzo de 2016 que sinala que esta empresa ten débedas tributarias co Concello dende o 20 de outubro de 2015 cando rematou o período voluntario de cobro do IVTM faltando o pagamento de dous recibos de vehículos ao seu nome, que o cobramento deste imposto non require notificación algunha senón que é de cobramento periódico e por recibo, devengándose o 1 de xaneiro de cada exercicio polo que a transferencia da titularidade do vehículo á metade do ano non exime do pagamento do recibo correspondente.

Así pois, **non podendo ser aceptadas as proposicións presentadas por estas dúas empresas**, a Mesa de contratación decide declarar **DESERTO** o procedemento de contratación para as SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) -LOTE 1-, UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5+2 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL -LOTE 2- E UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL -LOTE 3-, MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) **xa que a licitadora a este procedemento de contratación BBVA atópase en prohibición para contratar por ter débedas co Concello de Lugo. Na mesma situación atópase a empresa INTURASA que - aínda que non presenta oferta para o leasing - si oferta a subministración de vehículo para o LOTE 1.**

Nesta circunstancia non se atopa sen embargo a mercantil LUGO MOTOR S.L.U. debendo o órgano de contratación pronunciarse sobre o mantemento da súa oferta en relación coa subministración de vehículos para os LOTES 1 e 2 sempre e cando esta empresa manifeste a súa intención de manter a súa oferta."

XII.- Providencia de data 7 de abril remitida á Intervención Municipal aos efectos da emisión de informe sobre cálculo do tipo de interese e valor estimado dos contratos tendo en conta o prezo de licitación do LOTE 1 en 150.000 euros IVE incluído e para os LOTES 2 e 3 os prezos ofertados por LUGO MOTOR S.L.U

XIII.- Informe de Intervención de data 23 de xuño de 2016 e novo informe de data 24 de outubro de 2016 relativo á determinación das condicións financeiras aplicables ás operacións de leasing para a subministración dos tres vehículos do que resulta un tipo de interese máximo aplicable de prudencia financeira de **0,724%**.

Xúntase a este informe os anexos co cálculo do valor estimado para cada lote en base ao dito tipo máximo.

XIV.- Documento contable (retención de crédito) de existencia de crédito orzamentario na aplicación 92005.64800 do vixente Orzamento municipal de 2016



## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

para un importe de 18.577,06 euros (RC 52462) e na aplicación 92005.35800 para un importe de 367,64 euros (RC 52462)

XV.- Comunicación do xefe do parque móbil proponendo a modificación do prazo de entrega do vehículo de 150 días a 180 días naturais co mantemento da Memoria técnica no seu día aprobada

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRO.-** Os contratos de arrendamento financeiro son unha complexa figura mediante a cal a arrendadora financeira adquire un determinado ben a unha entidade comercializadora ou fabricante seleccionado polo Concello e a ceder a este o uso temporal a cambio do pagamento periódico dunha cantidade que cobre o valor da adquisición e a carga financeira e ó final do período pactado (máximo 48 mensualidades) a entregar o ben previo exercicio da opción de compra polo seu valor residual.

Durante a tramitación deste procedemento a Mesa de Contratación en xuntanza de 4 de marzo de 2016 - á vista de que tanto a empresas **INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.A** (empresa subministradora do vehículo para o LOTE 1) coma o **BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.** (entidade financeira licitadora para o alugamento financeiro de tódolos lotes) **tiñan débedas co Concello de Lugo á data de presentación de ofertas** - acordou declarar **DESERTO** o procedemento de contratación para as SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) -LOTE 1-, UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5+2 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL -LOTE 2- E UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL - LOTE 3-, MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING) **xa que a licitadora BBVA atópase en prohibición para contratar por ter débedas co Concello de Lugo así como a empresa INTURASA que - aínda que non presenta oferta para o leasing - sí oferta a subministración de vehículo para o LOTE 1.**

Así pois, e de conformidade co proposto pola Mesa de Contratación procede que o órgano de contratación declare deserto o procedemento seguido para a

4

CSV: O2RmuoRnKkioOEzIXmjG3g==

SINATURAS

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTA DE ALCALDE -  
ÁREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA  
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 4 / 36

DATAS(UTC)

05/12/2016 12:31:12

05/12/2016 12:31:13



contratación da SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING).

**SEGUNDO.-** Tras estas incidencias acontecidas durante a tramitación do procedemento e dada a necesidade de cumprir o principio de prudencia financeira foi preciso solicitar novo informe á Intervención Municipal sobre o cálculo do tipo de xuro. Así, a Intervención Municipal informa o 24 de outubro de 2016 sobre o custo máximo aplicable a este contrato comprensivo da determinación do tipo de xuro máximo aplicable conforme o principio de prudencia financeira.

Hai que salientar que no anterior procedemento de licitación se pretendía contratar a subministración mediante tres lotes de un equipo de bacheo (camión con cisterna de emulsión asfáltica e caixa basculante) - lote 1- un vehículo radio patrulla (5+2 prazas) para a policía local – lote 2- e un vehículo radio patrulla (5 prazas) para a policía local- lote 3 - mediante alugamento financeiro (operación de leasing).

Na tramitación dese procedemento a licitadora LUGOMOTOR presentou oferta para a subministración dos vehículos do LOTE 2 e 3 non realizando oferta de leasing. A dita empresa cumpría tódolos requisitos e foi seleccionada pola Mesa de Contratación (a pesar de non ter oferta de entidade financeira), motivo polo que a continuación deste procedemento de contratación - que culmine coa adxudicación do contrato a unha entidade financeira que realice unha oferta de leasing- realízase aparte desta nova proposta que ten un contido diferente por ser preciso neste momento a selección de empresa subministradora e de entidade financeira se é o caso.

Por este motivo, esta proposta só inclúe a adquisición mediante alugamento financeiro do equipo de bacheo (anteriormente no LOTE 1) coa redacción de novos pregos de cláusulas administrativas e co mantemento das condicións establecidas na memoria técnica aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/795 de data 25 de novembro de 2015 agás o prazo de entrega que se incrementa de 150 días a 180 días naturais.

**TERCEIRA.** - En canto ao órgano municipal competente para aprobar a declaración de deserto do procedemento así como a modificación dos pregos de referencia é a Xunta de Goberno Local por aplicación da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, e a normativa específica de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude





**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar deserto o procedemento de licitación convocado para a SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN EQUIPO PARA TAPAR FOCHAS (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) polos motivos indicados na parte expositiva que se dan por reproducidos para os efectos da súa fundamentación.

SEGUNDO.- Aprobar a CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO PARA TAPAR FOCHAS (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) de conformidade cun novo prego de cláusulas administrativas particulares e conforme a memoria técnica reguladoras das características mínimas que deben cumprir os vehículos aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/795, do 25 de novembro de 2015, agás o prazo de entrega que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior e que se transcriben no punto dispositivo seguinte.

TERCEIRO.- Aprobar pregos de cláusulas administrativas particulares que a continuación se transcriben con mantemento das condicións establecidas nas memorias técnicas reguladoras das características mínimas que deben cumprir os vehículos aprobadas do acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/795, do 25 de novembro de 2015 (agás o prazo de entrega), que así mesmo se reproduce.

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING).**

**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.**

O obxecto deste contrato é a subministración dun equipo de bacheo (camión con cisterna de emulsión asfáltica e caixa basculante) para os servizos municipais mediante unha operación de arrendamento financeiro (leasing) coas características sinaladas na memoria técnica redactada polo Xefe do Parque Móbil Municipal.

CNAE 2009: 64.91 Arrendamento financeiro.

CPV: 66114000-2 83) Servizos de arrendamento financeiro.

\* As empresas subministradoras que liciten deberán recoller o vehículo municipal matrícula LU-9280-K por un importe non inferior a 6.000 euros (exento de IVE ou non suxeito e exento do imposto de transmisións patrimoniais nos termos do artigo



45.I.B.17 do Real Decreto Lexislativo 1/1993, de 24 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados).

### SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.

Trátase dun contrato de subministracións, recollido e regulado nos artigos 9 e 290 e seguintes do TRLCSP e que ten por obxecto a adquisición mediante alugamento financeiro (operación de leasing) dun equipo de bacheo (camión con cisterna de emulsión asfáltica e caixa basculante) para os servizos municipais coas características sinaladas na memoria técnica redactada polo Xefe do Parque Móbil Municipal.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

### TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.


3.1.- O valor estimado do contrato (que inclúe para cada lote 47 cotas e unha última de valor residual) é de 125.731,77 euros (importe sen IVE), incluíndo neste importe a recuperación do custo e a carga financeira e que sumado o IVE 21% (26.403,67 euros) ascende a 152.135,44 euros.

O valor máximo actual do vehículo a subministrar ascende a:

123.966,94 euros .

IVE (21%) 26.033,06 euros.

Total: 150.000 euros IVE incluído.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

Non obstante, o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas propostas.

3.2.- O sistema de pago establécese mediante unha operación de leasing coas seguintes condicións iniciais básicas, conforme ao recollido no informe de Intervención de 24-10-2016 facendo constar expresamente que o cálculo do "custo máximo" deberá actualizarse ao momento de aprobación pola Xunta de Goberno Local dos pregos que rexan o procedemento de licitación (Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera de 16/09/2016), debéndose considerar polo tanto o que proceda a esa data para o cálculo das ofertas.

**Metodoloxía do cálculo do custo de financiamento máximo permitido.**

En todo caso, a efectos informativos, calcúlase o tipo de xuro máximo permitido aplicable, partindo, por un lado, do último Euribor mensual de referencia publicado no momento de cálculo, a data 20/10/2016, que se sitúa en -0,372%; e por outro, as últimas táboas publicadas (BOE núm. 225 do 17 de setembro de 2016), resultando un tipo máximo autorizado do 0,724%:

Resolución 16/09/2016: prudencia financeira Táboas setembro (BOE 17/09/2016)

| PRUDENCIA FINANCEIRA                                  | Análise referencia mensual |
|---|----------------------------|
| Vida media estimada inicial (en anos)                 | 2,04                       |
| Vida media estimada inicial (en meses)                | 24,50                      |
| Diferencial máx táboa (BOE 17/09/2016)                | 34,58333 pb                |
| Diferencial máximo (Resoluc 16/9/16-Anexo3-2.ii.c)(*) | 75 pb                      |
| Diferencial máximo a engadir ao Euribor de referencia | 109,58333 pb               |
| Euribor mensual (a 20/10/2016) (en porcentaxe)        | -0,372                     |
| Tipo xuro máximo aplicable Prudencia financeira       | 0,724%                     |

3.3.- Faise constar a existencia de crédito orzamentario na aplicación 92005.64800 do vixente Orzamento municipal de 2016 para un importe de 18.577,06 euros (RC 52462) e na aplicación 92005.35800 para un importe de 367,64 euros (RC 52462) comprometéndose a incluír as anualidades correspondentes nos Orzamentos 2017 e seguintes o crédito necesario para facer fronte ós gastos dos contratos.

En virtude do artigo 174 do TRLFL, a autorización ou realización dos gastos relativos á anualidade 2017 subordínase ao crédito que para cada exercicio autorice o respectivo Orzamento.

3.4.- De conformidade co artigo 89 do TRLCSP non procederá a revisión de prezos.

**CUARTA.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZOS DE ENTREGA.**

A duración do contrato será de CATRO ANOS improrrogables (correspondendo o mes num. 48 ao pagamento do valor residual no caso de exercitarse a opción de compra) contados a partir do día seguinte ao da acta de recepción do vehículo que deberá subministrarse no prazo máximo de **180 DÍAS NATURAIS** dende a formalización do contrato administrativo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.





**QUINTA.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.**

5.1.- O presente contrato adxudicarase polo **procedemento aberto** previsto e regulado polos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

5.2.- Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP.

Poderán concorrer a esta licitación en concreto:

1.- Empresas comercializadoras de vehículos co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira seleccionada polo Concello de acordo coas condicións establecidas neste prego.

2.- Entidades financeiras en xeral, como Bancos ou Caixas de Aforro ou entidades especializadas en arrendamento financeiro co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo que este seleccione de acordo coas condicións establecidas neste prego e no de condicións técnicas.

3.-Empresas comercializadoras de vehículos co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira que acompañe na súa oferta de acordo coas condicións establecidas neste prego.

4.- Entidades financeiras en xeral, como Bancos ou Caixas de Aforro ou entidades especializadas en arrendamento financeiro co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo que acompañe na súa oferta de acordo coas condicións establecidas neste prego e no de condicións técnicas.

5.- Empresas de fabricación e/ou comercialización de vehículos que comercialicen os mesmos mediante operacións propias de leasing.

6.- Unións temporais de empresarios que se constitúan aos efectos deste contrato, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectuara a adxudicación ao seu favor, nos termos dos apartados anteriores. Os devanditos empresarios quedarán obrigados solidariamente ante a Administración e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que podan outorgar.

Cada un dos empresarios que compoñan a unión acreditarán a súa capacidade conforme ao establecido nesta cláusula.

**SEXTA.- CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA. COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS**

**6.1.- Criterios de solvencia económica e financeira (para as empresas subministradoras dos vehículos e para as entidades financeiras)**

A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:



## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

a) Volume anual de negocio ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior a 185.000 €

O volume anual de negocio acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil se o empresario estivera inscrito no dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas a anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Patrimonio neto positivo, ou ben ratio entre activos e pasivos superior á unidade, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

### 6.2.- Criterios de solvencia técnica para as empresas subministradoras

a) Para as empresas subministradoras

A solvencia técnica das empresas deberá ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de **suministracións de polo menos dous vehículos similares a este contrato** por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos **igual ou superior a 85.000 euros IVE excluído**. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

**b) Para as entidades financeiras**

As entidades financeiras que concorran a esta licitación deberán presentar unha declaración global relativa ás operacións de leasing realizadas nos últimos tres anos por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos de 90.000 euros

Así mesmo e de conformidade co artigo 64 do TRLCSP esíxese que a empresa subministradora dos vehículos asine un compromiso de dispoñer para a execución do contrato dun servizo de asistencia técnica post-venda que cubra as necesidades de asistencia e dispoñibilidade de repostos dentro do termo municipal de Lugo ou nos municipios lindeiros. (ANEXO VI)

## SÉTIMA.- GARANTÍAS

Dada a natureza do contrato e as características dos posibles licitadores non se establecen garantías provisional nin definitiva para a contratación que regula este prego, de acordo co previsto nos artigos 95 e 103 do TRLCSP. Todo isto sen prexuízo das garantías e asistencia técnica que deberán ofertar as empresas subministradoras segundo o previsto nos pregos de condicións técnicas.

## OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)).

O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### **NOVENA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

As empresas presentarán a súa proposición mediante **unha instancia ou escrito conforme ao modelo de ANEXO A “PRESENTACIÓN DE PLICAS” que se achega ao final deste prego e que se acompañará de TRES sobres pechados**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, DNI/NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-, letra B - OFERTA RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE e letra C - OFERTA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.

**En tódolos sobres identificarase claramente os lotes aos que concorre e o número de expediente (EXPTE. REF. 49-2016).**

As proposicións, comprensivas da instancia conforme ao modelo do Anexo A e os correspondentes sobres, presentaranse durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas, de luns a venres ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en día inhábil (sábado ou festivo) prorrogarase ao seguinte día hábil.

Tamén poderán ser enviados por correo certificado, a través do Servizo de Correos. Cando a documentación se envíe por este medio, deberá xustificarse, no mesmo día da presentación, a data e hora da imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama.

Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a documentación, se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

#### **2.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.**

A documentación para o presente procedemento presentárase en tres sobres pechados, identificados, no seu exterior co nome da contratación a que llicitan e asinados polo licitador ou persoa que o representa e a indicación do nome da empresa. No interior da cada sobre farase constar en forma independente o seu contido, enunciado e ordenado numericamente.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición na que incluíra un ou varios modelos de vehículos coas características indicadas na memoria técnica. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fai individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención destas normas dará lugar á inadmisión das propostas por el subscritas.

Con independencia do anterior, os licitadores poderán presentar as seguintes variantes ou alternativas dentro da súa única proposición:

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

- As empresas comercializadoras de vehículos poderán presentar unicamente oferta relativa a este (incluíndo un ou varios modelos) co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira seleccionada polo Concello de acordo coas condicións establecidas neste prego ou, alternativa ou conxuntamente, co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira que acompañe na súa oferta.

- As entidades financeiras en xeral, como Bancos ou Caixas de Aforro ou entidades especializadas en arrendamento financeiro poderán presentar oferta relativa ás condicións económicas da operación de leasing co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo que este seleccione ou, alternativa ou conxuntamente, co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo que acompañe na súa oferta (podendo acompañar un ou varios modelos).

**DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

**O SOBRE A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA,** conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ao efecto con anterioridade ao remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato non tendo causado baixa neste.



Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

**Advírteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.**

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

**4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

**Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste**





**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

**que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

**6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP).

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.



**DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (APARTADOS 1 A 6) DENTRO DO SOBRE A, UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS.**

**7.-** Os licitadores virán obrigados a informar o **convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato** no caso de resultar adxudicatarios, así como a obriga de facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos (**incluído no modelo do ANEXO IV**).

**8.-** Declaración responsable (**conforme modelo do ANEXO V ou incluída no Anexo IV**) pola que, de resultar adxudicatarios -e para o caso de que o número de traballadores en plantilla iguale ou supere a cifra de 50- obríganse a cumprir e acreditar, ante o órgano de contratación, o cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Nesta declaración farase constar que se asume o compromiso de acreditar o dito cumprimento durante toda a vixencia do contrato cando sexa requirido polo responsable do contrato.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.


No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.

**9.- Compromiso de adscrición de medios materiais** conforme o modelo do **ANEXO VI** consistente na dispoñibilidade dun servizo de asistencia técnica post-venta que cubra as necesidades de asistencia e de repostos dentro do termo municipal de Lugo ou nos municipios lindeiros segundo o establecido na cláusula sexta deste prego de cláusulas administrativas con indicación do seu enderezo e descrición.

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e /ou sobre C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.**

**O sobre B – PROPOSTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE- (só para as empresas que oferten a subministración):**

Neste sobre incluírase a documentación que permita a comprobación do cumprimento dos requisitos mínimos do vehículo establecidos na memoria técnica así como a documentación comprensiva das prestacións técnicas e de



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

equipamento que superen estes mínimos, a proposta de servizo técnico e de mantemento, todo elo ós efectos da valoración da oferta conforme os **criterios de valoración non avaliados automaticamente que se sinalan na cláusula décimo segunda.**

**O sobre "B" non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores nin determinar a puntuación que estes acadarían en base ós criterios avaliados automaticamente.**

**O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación por supoñer unha vulneración dos principios de igualdade de trato e non discriminación.**

**O sobre C – OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIADOS AUTOMATICAMENTE -:**

Conterá o modelo que se indica a continuación e ademais e **exclusivamente** o resto de documentación necesaria para a valoración dos **criterios avaliados automaticamente.**

O modelo, cumprimentando en todo caso o encabezamento e os apartados 1º e 2º e en canto ao apartado 3º, cumprimentarase o 3 A ou o 3 B en función das posibles variantes da súa oferta previstas neste prego, ou 3 C no caso das empresas de fabricación e/ou comercialización de vehículos que comercialicen os mesmos mediante operación de leasing.

Don....., maior de idade, con DNI núm. .... en representación de .....con enderezo a efectos de notificación en ....., tendo coñecemento do procedemento convocado polo Excmo. Concello de Lugo para a **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) EXPTE. REF 49-2016** fai constar:

1º.- Que cumpre todas e cada unha das condicións esixidas nos pregos de cláusulas económico-administrativas e na memoria técnica para a adxudicación do contrato.

2º.- Que acepta plenamente tódalas cláusulas dos pregos de cláusulas económico-administrativas e da memoria técnica que rexen este contrato e tódalas demais obrigas que se deriven do mesmo no caso de resultar adxudicatario.

3º.- Que se compromete a tomar ao seu cargo a contrata nas seguintes condicións:

**3.A.- O prezo ofertado para a subministración do vehículo é..... euros aos que se engadirá ....euros en concepto de IVE (21%) sendo a suma total de ... euros.**

No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente á cesión dos meus dereitos de cobro á entidade financeira seleccionada polo Concello de Lugo de acordo coas condicións establecidas neste prego.

\*No caso de presentar oferta propia de leasing:

No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente a cesión dos meus dereitos de cobro a ..... (entidade financeira) nas seguintes condicións:

Oferta un tipo de xuro de .....% (\*), que será o custo total máximo (Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera de 16/09/2016) da operación.

Valor residual: .... euros aos que se engadirán .... euros en concepto de IVE.

**(\*) O custo máximo (tipo de xuro ofertado) aplicable ao presente contrato deberá actualizarse ao momento de aprobación pola Xunta de Goberno Local dos pregos que rexan o procedemento de licitación (Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera de 16/09/2016), debéndose considerar polo tanto o que proceda a esa data para o cálculo das ofertas:**

O "**custo máximo**", a efectos informativos, calculado a día 24/10/2016 no marco da Resolución de Prudencia financeira de 16/09/2016, é de **0,724%** (Euribor 1 mes + 109,58333 puntos básicos máximos autorizados: Tomando de referencia o Euribor a 1 mes do - 0,372 %, publicado polo Banco de España, a data 20/10/2016)

*A esta oferta acompañarase como anexo o cadro de financiamento que incluírá cota mensual neta, impostos, carga financeira, recuperación de custo e capital pendente.*

Lugo, data e sinatura.

**3.B.-** As condicións da operación de leasing ofertada para a subministración do vehículo/s.....son as que se relacionan a continuación:

Oferta un tipo de xuro de .....% (\*), que será o custo total máximo (Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera de 16/09/2016) da operación.

Valor residual: .... euros aos que se engadirán .... euros en concepto de IVE.

**(\*) O custo máximo (tipo de xuro ofertado) aplicable ao presente contrato deberá actualizarse ao momento de aprobación pola Xunta de Goberno Local dos pregos que rexan o procedemento de licitación (Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera de 16/09/2016), debéndose considerar polo tanto o que proceda a esa data para o cálculo das ofertas:**

O "**custo máximo**", a efectos informativos, calculado a día 24/10/2016 no marco da Resolución de Prudencia financeira de 16/09/2016, é de **0,724%** (Euribor 1 mes + 109,58333 puntos básicos máximos autorizados: Tomando de referencia o Euribor a 1 mes do - 0,372 %, publicado polo Banco de España, a data 20/10/2016)

*A esta oferta acompañarase como anexo o cadro de financiamento que incluírá cota mensual neta, impostos, carga financeira, recuperación de custo e capital pendente.*  
No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente a adquirir para o Concello de Lugo o/os vehículo/s obxecto deste procedemento de licitación que resulte seleccionado de acordo coas condicións establecidas neste prego.

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

Lugo, data e sinatura.

\*No caso de presentar ofertas de vehículo:

No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente á adquisición dos vehículos obxecto deste procedemento polos seguintes importes:

:..... euros aos que se engadirá ....euros en concepto de IVE (21%) sendo a suma total de ... euros.

Lugo, data e sinatura.

**3.C.-**O prezo ofertado para a subministración do vehículo será:

\*(Indicar soamente ao lote ao que licita)

:..... euros aos que se engadirá ....euros en concepto de IVE (21%) sendo a suma total de ... euros.

As condicións da operación de leasing propias ofertadas para dita subministración son as seguintes, segundo o establecido na cláusula TERCEIRA deste prego:

Oferta un tipo de xuro de .....% (\*), que será o custo total máximo (Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera de 16/09/2016) da operación.

Valor residual: .... euros aos que se engadirán .... euros en concepto de IVE.

**(\* O custo máximo (tipo de xuro ofertado) aplicable ao presente contrato deberá actualizarse ao momento de aprobación pola Xunta de Goberno Local dos pregos que rexan o procedemento de licitación (Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera de 16/09/2016), debéndose considerar polo tanto o que proceda a esa data para o cálculo das ofertas:**

O "**custo máximo**", a efectos informativos, calculado a día 24/10/2016 no marco da Resolución de Prudencia financeira de 16/09/2016, é de **0,724%** (Euribor 1 mes + **109,58333 puntos básicos máximos autorizados**: Tomando de referencia o Euribor a 1 mes do - 0,372 %, publicado polo Banco de España, a data 20/10/2016)

*A esta oferta acompañarase como anexo o cadro de financiamento que incluírá cota mensual neta, impostos, carga financeira, recuperación de custo e capital pendente.*

Lugo, data e sinatura

**Así mesmo e dentro do sobre C deberán achegar:**

- Oferta de redución de prazo de entrega se o estiman oportuno.
- Importe ofertado pola adquisición do vehículo vello municipal.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS.**

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello ou funcionario/a do servizo que o substitúa.

18





VOCAIS:

- A Xefe do Parque Móbil do Concello ou persoal do servizo que a substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno ou funcionario/a que o substitúa.
- A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretario) ou funcionario/a que a substitúa.
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: Técnico/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

O acto público de apertura dos sobres B celebrárase ao segundo día hábil contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B, convocarase ós licitadores a un acto público de lectura do informe de valoración e apertura da documentación incluída nos sobre C, tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adjudicación por parte da mesa de contratación.

**No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ao sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.**

**DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.**

12.1.- Os criterios de adxudicación do contrato serán os seguintes:

**A.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN.**

Para aqueles licitadores que presenten como única oferta ou como variante exclusivamente o vehículo, co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira que seleccione o Concello, serán obxecto de valoración os seguintes aspectos:


**A.1.- Criterios avaliados automaticamente: Total 60 puntos.**

-Menor prezo do/s vehículo/s a subministrar: ata 20 puntos.

As ofertas que igualem o prezo de licitación (150.000 euros IVE incluído) serán valoradas con 0 puntos, as que oferten o prezo máis baixo con 20 puntos e as restantes de xeito proporcional.

-Maior prezo ofertado pola entrega do vehículo vello municipal LU-9280-K: ata 20 puntos.

Os que oferten maior prezo polo vehículo serán valoradas con 20 puntos, as que oferten 6.000 euros obterán 0 puntos xa que é o importe mínimo da venda e as restantes de xeito proporcional.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

- Menor prazo de entrega (a oferta de prazo de entrega realizarase en días naturais): ata 20 puntos.

Os que oferten o menor prazo de entrega serán valorados con 20 puntos, os que non oferten redución do prazo respecto ao prazo máximo de entrega esixido (180 días naturais) serán valorados con 0 puntos, e o resto de xeito proporcional.

**A.2.- Criterios non avaliados automaticamente (proposta técnica): Total 40 puntos.**

-Mellores prestacións técnicas e de equipamento: ata 20 puntos.

Neste apartado valorarase exclusivamente as prestacións técnicas e de equipamento ofertadas que melloren e superen as características mínimas esixidas no prego de prescricións técnicas. Os que presenten as mellores prestacións técnicas e de equipamento no seu conxunto obterán 20 puntos, os que non oferten melloras por este apartado obterán 0 puntos e as demais serán valoradas e puntuadas conforme o criterio motivado dun técnico municipal por comparación de ofertas.

- Servizo técnico e de mantemento: ata 20 puntos.

Neste apartado valorarase o servizo técnico e de mantemento que cubra as necesidades de asistencia técnica post-venda e dispoñibilidade de repostos que oferten os licitadores e que deberá respectar en todo caso o compromiso de prestación en Lugo ou municipios lindeiros (caso contrario excluírase da licitación). Os que presenten o mellor servizo técnico e de mantemento obterán 20 puntos, os que non oferten un servizo de asistencia técnica post-venda adecuado obterán 0 puntos e as demais serán valoradas e puntuadas conforme o criterio motivado dun técnico municipal por comparación de ofertas.

Para a valoración dos criterios non avaliados automaticamente que se relacionan anteriormente as empresas licitadoras deberán achegar unha memoria descriptiva e explicativa separadamente para cada un dos dous apartados anteriores que se valoran, de xeito que facilite o estudo da oferta sen prexuízo de presentación, a maiores, de dossieres fotográficos, catálogos, etc. que permitan unha maior comprensión da oferta.

Para facilitar a avaliación das ofertas os licitadores presentarán unha táboa onde por un lado se indiquen as características que son de obrigado cumprimento conforme a memoria técnica e por outro lado se indiquen as características que superen os mínimos e que serán obxecto de valoración.

**B.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA O LEASING (ALUGAMENTO FINANCEIRO). Total 10 puntos.**

Para aqueles licitadores que presenten como única oferta ou variante exclusivamente condicións económicas para a operación de leasing, será obxecto de valoración o **tipo de xuro** presentado polos licitadores.

A oferta que presente un tipo de xuro máis vantaxoso obterá a máxima puntuación (10 puntos), a oferta que presente o tipo de xuro coincidente co custo total máximo aplicable conforme ao disposto na cláusula TERCEIRA obterá 0 puntos e as restantes valoraranse de xeito proporcional.



**C.-** Para aquelas empresas que presenten como única opción ou como variante o vehículo acompañado de condicións de leasing, propias ou dunha entidade financeira (ou viceversa) aplicarase **os anteriores criterios de forma conxunta**.

#### **12.2.- PREFERENCIA EN CASO DE EMPATE:**

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a preferencia na adxudicación deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Así mesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.


#### **DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente as certificacións acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

**De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ao licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.**

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a



## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adjudicará os contratos dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adjudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

### DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización dos contratos en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da adjudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houberese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adjudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

### DECIMO QUINTA.- RECEPCIÓN E PAGAMENTO.

- O contratista esta obrigado a entregar e poñer a disposición do Excmo. Concello de Lugo o vehículo obxecto deste contrato no prazo indicado na cláusula cuarta deste prego ou se é o caso o ofertado, nas dependencias municipais do Parque Móbil. Os gastos de entrega e transporte ata os lugares indicados serán por conta do contratista.

- **Unha vez formalizado o contrato o contratista fará efectivo o importe ofertado pola adquisición do vehículo vello municipal para o cal disporá dun prazo de cinco días hábiles sendo os gastos de transferencia do vehículo así como as xestións necesarias para esto de conta do contratista.**

- O vehículo será recibido polo Xefe do Parque Móbil Municipal; se este non se atopa en estado de ser recibido farase constar así na acta de recepción dando as instrucións precisas ao contratista para que amañe os defectos observados ou proceda a unha nova subministración axustada ao contratado.

- O Concello aboará o prezo total do arrendamento mediante CORENTA E SETE COTAS mensuais do importe resultante da oferta que resulte adjudicataria do contrato. Estas cotas serán xiradas polo arrendador á conta da que é titular o Concello dentro dos dez primeiros días de cada mes. A primeira cota xirarase dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao da recepción dos vehículos. Finalmente xirarase a derradeira cota co núm. 48 que corresponderá ao valor residual do vehículo para o caso no que o Concello opte por facer efectiva a opción



de compra. A decisión de exercitar a opción de compra corresponderalle ao órgano de contratación, previo informe técnico do Xefe do Parque Móbil municipal.

**DECIMO SEXTA.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES.**

1.- Os gastos de anuncios de licitación serán por conta dos contratistas (o importe se indica no propio anuncio) así como os que se deriven dos embalaxes, portes, certificados, etc.

2.- O/s adxudicatario/s virá/n obrigado/s ao pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos, e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das AA.PP. ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que ocasionen.

3.- A sociedade arrendadora, propietaria do/s vehículo/s, cede o seu uso ao arrendatario polo período de 47 meses con carácter irrevogable; ao remate deste prazo, o arrendatario ven obrigado a súa restitución salvo que exercite a opción de compra que se lle recoñece no seguinte apartado.

4.- A sociedade arrendadora constitúe a favor do arrendatario opción de compra dos vehículos que poderá exercitarse ao remate do período de cesión de uso pagando como prezo da compravenda a cantidade fixada como valor residual na oferta adxudicataria. Para exercitarse a opción de compra, o arrendatario deberá estar ao corrente no pagos das obrigas asumidas no presente contrato.

5.- A sociedade arrendadora, na súa condición de compradora do material subroga expresamente ao arrendatario en cantos dereitos e accións lle correspondan fronte ao subministrador do vehículo obxecto do presente contrato.

6. Dadas a natureza e condicións do contrato, o mesmo deberá ser executado directamente polo adxudicatario, non sendo posible a subcontratación.


**DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.**

17.1.- O/os contratista/s están obrigados a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral, en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.

Para o cumprimento desta obriga deberá manter actualizado en todo momento ao longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ao corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria que se





**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

achegará polo contratista previamente á formalización do contrato non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

17.2.- Para o **cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais** así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais, deberá remitir ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo cando sexa requirido a seguinte documentación:

- Listado sobre os riscos específicos das actividades que poidan afectar aos traballadores do Concello e doutras empresas.
- Certificado de modalidade preventiva.
- Certificados de formación respecto dos traballadores que vaian a prestar os seus servizos nos centros do Concello tal e como se establece no artigo 19 da Lei 31/1995.

- Documentación que xustifique que se cumpre coas obrigas de información respecto dos traballadores que vaian a prestar os seus servizos nos centros de traballo do Concello.

- Documentación que certifique que se garante aos traballadores que vaian a prestar os seus servizos en centros do Concello a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao posto de traballo, de non ser necesario documento que acredite a renuncia ao mesmo.

Toda a documentación arriba indicada non sería de aplicación no caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo.

No caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo, deberán aportar la seguinte documentación:

- NIF do autónomo.
- Xustificante de pago á Seguridade Social por parte do autónomo.
- Informe dos riscos e as medidas preventivas do posto de traballo que vai a desempeñar nos centros de traballo do Concello.

E durante os traballos, no caso de producirse:

- Relación dos traballadores que asistirán ás instalacións do Concello.
- Comunicación ao Concello sobre os accidentes de traballo que se produzan como consecuencia dos riscos das actividades concorrentes.
- Comunicarase toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou á seguridade dos traballadores das empresas presentes no centro de traballo.

No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. O non mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase **ANEXO I** ao presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ao Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó Concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada



a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

17.3.- O/os contratista/s adxudicatario deberá acreditar, cando sexa requirido polo responsable do contrato, o **cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Legislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade** e da súa inclusión social que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores ao cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, da plantilla da empresa.

En caso de ser requirido, a empresa achegará un certificado no que conste o número de traballadores en plantilla e a porcentaxe de traballadores con discapacidade podendo ser requirido para a presentación doutra documental a maiores que se estime necesaria para comprobar o cumprimento desta obriga.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como **condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

#### **DÉCIMO OITAVA.- GARANTÍAS E ASISTENCIA TÉCNICA.**

O prazo de garantía do vehículo e os seus accesorios contra todo defecto de fabricación (tanto do vehículo como do equipamento, en pezas e man de obra) será de 24 meses como mínimo contados a partir da entrega do mesmo, sen prexuízo das ofertas presentadas polos licitadores.

#### **DECIMO NOVENA.- PENALIDADES.**

Impoñeranse penalidades ós contratistas cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento das condicións especiais de execución e obrigas contractuais establecidas na **cláusula décimo sétima que se configuran como obrigas contractuais esenciais** poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adxudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da terminación do contrato.

**b) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.**



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso do contrato dará lugar á imposición de penalidade**. Entendese por incumprimento defectuoso o incumprimento ou defectuosa execución das obrigas sinaladas no prego de prescricións técnicas así como ás condicións da súa oferta.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso** do contrato poderá dar lugar á imposición de penalidades, sendo o seu importe do 1% do importe de adxudicación do contrato IVE incluído, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo neste caso acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

**d) Por demora.**

O subministrador seleccionado queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato ofertado.

Se chegado o remate do prazo fixado, o subministrador incorrera en demora por causas imputables ao mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas.

Por cada día de retraso na entrega, por causas imputable ao contratista, impoñerase unha penalidade diaria en proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo ofertado polo vehículo (IVE incluído).

No procedemento que se tramite ao efecto darase audiencia ao contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

**VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das condicións técnicas establecidas na memoria técnica ou das condicións ofertadas. Así mesmo poderase resolver o contrato polo incumprimento do prazo de entrega establecido ou ofertado

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224, 225 e 300 do TRLCSP.

Aos efectos do artigo 223.f) do TRLCSP considéranse **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sétima destes pregos.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ao contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a **incautación da garantía definitiva** sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS.**

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo comun, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ao da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

**ANEXO I**

**DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.**

**DATOS:**

|                            |  |                   |  |
|----------------------------|--|-------------------|--|
| <b>EMPRESA:</b>            |  |                   |  |
| <b>ENDEREZO:</b>           |  |                   |  |
| <b>LOCALIDADE:</b>         |  | <b>PROVINCIA:</b> |  |
| <b>PERSOA DE CONTACTO:</b> |  |                   |  |
| <b>TELÉFONO:</b>           |  | <b>FAX.:</b>      |  |

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

|  |  |                   |  |
|--|--|-------------------|--|
| 1º <input type="checkbox"/> <b>CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA</b> |  |                   |  |
| <b>NOME:</b>   |  |                   |  |
| <b>ENDEREZO:</b>   |  |                   |  |
| <b>LOCALIDADE:</b>   |  | <b>PROVINCIA:</b> |  |
| <b>PERSOA DE CONTACTO:</b>   |  |                   |  |

|                                  |  |      |  |
|----------------------------------|--|------|--|
| TELÉFONO:                        |  | FAX: |  |
| ESPECIALIDADES CONTRATADAS:      |  |      |  |
| PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO: |  |      |  |

\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º  COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO  
 \* Xuntar a acta de Constitución.

3º  TRABALLADOR DESIGNADO  
 Nome e Apelidos:  
 Cargo:

NOME EMPRESARIO: SELO DA EMPRESA  
 D.N.I.:  
 SINATURA:  
 DATA:

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL.**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º ....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) EXPTE. REF 49-2016 declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores ..... (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1. ....
2. ....
3. ....





sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ao Rexistro con data ....., manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ao corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En ....., a ..... de ..... de 2016.

Asdo.:

**ANEXO III**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa.....,en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACION DA**

**SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) EXPTE. REF 49-2016 declaro baixo a miña responsabilidade:**


Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ao corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

Asimesmo **autorizo** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....  
(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO IV**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa.....con NIF ....., co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING) EXPTE. REF 49-2016** declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que o asinante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei\* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

*\* En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ao corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou



acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación

6º- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril.(No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.) e que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....  
(Lugar, data e sinatura do licitador)

#### ANEXO V

#### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º ....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) EXPTE. REF 49-2016 declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril.\*



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

\* No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.

2º.- Que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO VI**

**COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS.**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) EXPTE. REF 49-2016** comprométo-me a poñer a disposición do Concello de Lugo un servizo de asistencia técnica post-venta que cubra as necesidades de asistencia e dispoñibilidade de repostos dentro do termo municipal de Lugo ou nos municipios lindeiros

En ....., a ..... de ..... de 2016

Asdo.:

**MEMORIA TÉCNICA PARA EL CONCURSO DE ALQUILER CON OPCION DE COMPRA PARA EL SERVICIO DE PARQUE MOVIL DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMION CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA + CAJA BASCULANTE).**

Las características técnicas que debe reunir el camión objeto de esta contratación son la que se indican a continuación:

**CHASIS Y CABINA.-**

- La distancia ente ejes será de alrededor de 4 m.
- La longitud total será de alrededor de 8 m.
- La carrocería y el chasis serán de alta rigidez.
- La cabina deberá ser sencilla, metálica, dos puertas, tres plazas, asiento para conductor ajustable y con suspensión, cinturones de seguridad, paredes y techos guarnecidos, todos los cristales deberan ser de seguridad y el parabrisas laminado, estará suspendida elasticamente, será abatible hacia delante y tendrá una inclinación superior a los 50º mediante bomba hidráulica y cilindros de doble efecto, ha de ir dotada de mecanismo de seguridad tanto en posición levantada como normal.



**INSTRUMENTOS DE CONTROL.-**

- Velocímetro, con cuenta kilometros total y parcial.
- Cuenta revoluciones.
- Indicadores de: nivel de combustible, nivel de aceite, temperatura agua radiador, presión de aire de frenos.
- Mandos de: arranque y parada de motor, luces, limpiaparabrisas, avisador acústico de presión de aire de frenos, avisador acústico de marcha atrás, avisador óptico y acústico de exceso de temperatura de motor.

**EQUIPAMIENTO.-**

- Aire acondicionado para el enfriamiento y la calefacción.
- Radio CD.
- Control de crucero.
- Elvalunas eléctrico.

**MOTOR.-**

- Diesel, mínimo euro 6 de cuatro tiempos
- Potencia mínima de 275 CV.
- Par máximo en Kgm. Indíquese, así como el nº de revoluciones a que se alcanza.
- Relación de compresión. Indíquese.
- Cilindrada. Indíquese.

**REFRIGERACIÓN.-**

- Por líquido ao aire.

**TRANSMISION.-**

- Embregue, tipo del mismo y superficie de fricción.
- Caja de cambios de al menos 6 velocidades.

**EJES.-**


- Será de dos ejes y tracción 4x2.

**SUSPENSIÓN.-**

- Será mediante ballestas ao neumática, dispondrá de barras estabilizadoras y estará proyectada para no sufrir deformaciones permanentes ni en el caso de carga constante.

**FRENOS.-**

- Podrán ser neumáticos ao hidráulicos con asistencia neumático, con doble circuito independiente. Dispondrán de ABS y regulación automática de frenada en función de la carga.
- Valoraráse que dispoña de freno eléctrico





## **ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

### **DIRECCIÓN.-**

- Será servo asistida.

### **RODAS Y NEUMÁTICOS.-**

- Características
- Todos los neumáticos serán iguales, incluido los de repuesto.

### **CISTERNA DE RIEGO.-**

- Cisterna calorifugada, montada sobre chasis-cabina del camión.
- Capacidad útil 1.500 litros. Boca de hombre para llenado y inspecciones, con cirre rápido. Rompeolas. Aislante térmico. Termómetro. Equipo calefactor. Indicador de nivel etc..
- Lanza de riego (funcionamiento tanto a motor embragado como desembragado), de al menos 5 m. de manguera, control de riego y soporte giratorio en plataforma.
- Sistema de limpieza de bache con aire a presión, enchufe rápido, manguera y pistola.
- Extintor de 12 Kg. en chasis exterior.

### **CAJA BASCULANTE.-**

- De al menos 4 m3 de capacidad.
- Partida al centro con tabique, para el transporte de 2 tipos de áridos.
- 2 bocas de salida.
- Franjas en espina de pez en la tolva general.

### **ACABADO EXTERIOR.-**

- La camión ha de rotularse con el anagrama identificativo del Ayto. de Lugo, en los laterales y en la parte frontal, de acuerdo con las directrices del Parque Móvil Municipal.

### **ACCESORIOS.-**

- Juego de lámparas de repuesto, alfombrillas, triangulos de señalización, chaleco reflectante y extintor (polivalente) de 3 Kg. Instalado en cabina.
- Dotado de las señales V-2, tanto en la parte anterior como posterior legalizadas en Itv.

### **DOCUMENTOS TÉCNICOS.-**

- Deberá acompañarse memoria descriptiva de todas las partes del camión y de las características del mismo, así como todas aquellas peculiaridades que el Licitador considere interesante resaltar para la mejor comprensión de la oferta.
- Planos, fotografías ao catálogos con los detalles necesarios para da idea de todas las características del camion y gravillador.



- Cuantos documentos contribuyan en general a un mejor conocimiento de la máquina, haciendo especial hincapié en la asistencia post-venta.

**PLAZO DE ENTREGA Y LUGAR.-**

- Máximo de **180 días naturales** desde la fecha de FORMALIZACION, con todos los requisitos legales establecidos.
- El vehículo se entregará en el Parque Móvil del Ayto. de Lugo.

**GARANTÍA.-**

- Mínimo de 24 meses, contra todo defecto de fabricación tanto del vehículo como la cisterna, en piezas y mano de obra.

**ASISTENCIA TÉCNICA POST-VENTA.-**

- El licitador ha de comprometerse a disponer en el municipio de Lugo o municipios colindantes de un servicio de asistencia técnica post-venta, que cubra las necesidades de asistencia y disponibilidad de repuestos.

**LEGALIZACIONES.-**


- El vehículo se entregará oportunamente legalizado (ITV. Etc.) y matriculado incluidas reformas, siendo los gastos que esto pueda acarrear por cuenta del licitador.

**IMPORTE DE LICITACION.-**

- Máximo de 150.000 €, que serán pagados por el sistema LEASING, en 48 mensualidades incluida la cuota residual (gastos financeiros no incluidos).
- El licitador que resulte adjudicatario de este concurso, ha de recoger el vehículo viejo a sustituir LU-9280-K, por un importe no inferior a 6.000 €, IVA. incluido, que hará efectivo a esta Entidad en el momento de la firma del contrato, siendo los gastos de transferencia del vehículo viejo por cuenta del licitador.

**CRITERIOS BASE PARA LA ADJUDICACIÓN.-**

- Mejor oferta económica.....20 puntos
- Mejor valoración vehículo viejo.....20 puntos
- Mejores prestaciones técnicas y de equipamiento (en este apartado, se valorará exclusivamente las prestaciones técnicas y de equipamiento ofertadas para el equipo, que mejoren y superen las carecteristicas mínimas exigidas en el Pliego de Condiciones Técnicas; los que no oferten mejoras obtendran 0 puntos en este apartado). .....20 puntos
- Servicio técnico y de mantenimiento(en este apartado se valorará exclusivamente el servicio técnico y de mantenimiento ofertado para cada equipo, que supuere el esigido en el Pliego de Condiciones).....20 puntos
- Menor plazo de entrega.....20 puntos



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x490200801

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2016

QUINTO.- Aprobar o gasto de 18.577,06 euros (RC 52462), con cargo á aplicación 92005.64800 do vixente orzamento, e 367,64 euros (RC 52462) con cargo á aplicación 92005.35800, comprometéndose a incluír as anualidades correspondentes nos orzamentos 2017 e seguintes ata a finalización do contrato.

SEXTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

SÉTIMO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a da Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez.**